

1.- 18 de febreiro

Moitas gracias, Presidente

Bo día, Señorías

Escoitando as intervencións das persoas que me antecederon no uso da palabra, resulta case imposible non sucumbir á tentación de comezar esta intervención, rememorando a famosa frase atribuída a frei Luis de León : como dicíamos onte...

Seguro que todos vostedes coñecen a anécdota que a contextualiza. Despois de sufrir un proceso inquisitorial, que o mantivo inxustamente encarcerado durante 5 longos anos de penurias, o ilustre profesor, exonerado xa de toda responsabilidade, reincorporábase a súa aula e retomaba a súa lección con estoica normalidade: como dicíamos onte...

Aquela elegante elipse temporal amosaba a enteiraza dun espírito libre, capaz de sobrepoñerse as adversidades causadas pola envexa (mesquindade??) dos seus rivais, para retomar a súa frutífera labor como si nada tivese pasado.

O candidato Rueda debe estar experimentando estes días unha sensación moi similar.

Semella que este pleno de investidura fose continuación inmediata do último pleno ordinario que celebramos na pasada lexislatura, aquel no que aprobamos o orzamento autonómico para 2024.

Pois ben, escoitando aos voceiros dos grupos minoritarios, parecera que entre aquel pleno de decembro e o que agora estamos celebrando, nada tivese acontecido, alomenos nada que tivese afectado substancialmente a este Parlamento.

Mesmo ton, mesmas críticas, mesmos asuntos, mesma demagogia...

Pero, Señorías, por comprensible que sexa que o candidato Rueda puidese sucumbir á tentación de imitar a frei Luis, e continuar o seu labor de goberno ignorando os tediosos e demagóxicos mantras da oposición, creo sinceramente que debemos resistirnos por saúde democrática.

Porque a continuidade nese discurso cenizo, gris, pontoniano que acaba de retomar a oposición, como si nada tivese acontecido neste tempo, non é mais cun intento desesperado por pasar páxina para soslariar acontecementos, que sen dúbida son moi relevantes para o devir desta Cámara, e tamén para o futuro de Galicia...

Non Señorías, non podemos actuar coma si nada tivese acontecido, porque entre aquel último pleno de lexislatura e esta sesión, os galegos, foron chamados ás urnas. Non semella esta unha cuestión menor...

Hoxe, volvemos a escoitar neste parlamento como se falaba de modelo caduco, de atender á maioría social, da necesidade de cambios radicais na orientación da política galega, como si o 18 de febreiro non tivese existido, como si non fose mais cun vago recordo dun lonxano e trivial acontecemento ...

Pois non, Señorías,

O 18 de febreiro foi unha data de enorme relevancia. O día no que as galegas e os galegos fomos convocados ás urnas. O día no que os galegos decidiron cal é o modelo de país que desexan. O día no que decidiron cal é a maioría social do país, e como non, o día no que decidiron quen debe liderar a Galicia dos próximos 4 anos, e non deixaron dúbida sobre a súa decisión: Alfonso Rueda Valenzuela!

Calquera pensaría que esta é unha realidade evidente, que todos deberíamos ter asumido, pero o certo é que o que levamos escoitado nas últimas semanas (e tamén hoxe, nesta sesión de investidura) parecen indicar o contrario, e por iso resultan necesarias certas aclaracións.

Non señorías, non estamos hoxe aquí para contrastar modelos, non é hoxe o día para expoñer o proxecto alternativo que cada quen prefira. A data de exame, xa pasou. Os nosos proxectos, os de todos, xa foron avaliados. O pobo galego xa cualificou a cada un de nos, e como en calquera sistema democrático, o seu veredicto é inapelable.

Creo que chegou o momento de asumir o lugar no que os galegos nos colocaron, e tamén de amosar certo respecto polas decisións que os cidadáns teñen tomado. Un respecto que se entenda como algo mais que a expresión das habituais fórmulas de cortesía, empregadas nesta sesión de forma tan breve como baleira de sinceridade, alomenos, na maioría dos casos...

Para calquera que se dedique a actividade política, non debera existir maior motivación que a de resultar útil ao seu pobo, e tal utilidade non é posible se non aceptamos a realidade na que nos situaron os galegos, e superamos os sabores que nos teña causado a súa decisión.

Sen dramatismos, sen innecesarios harakiris. Simplemente analizando os datos coa ponderación que aconsellaba Serrat cando cantaba aquilo de que “si en cada alegría, duerme unha amargura, todo infortunio esconde algunha vantaxe...”

Democracia ourensán

Alegría comprensible a que debeu sentir esa noite o representante de Democracia Ourensán, ao saber que por primeira vez tería presenza neste Parlamento.

Eu quero aproveitar para felicitar ao Sr. Ojea polo resultado, e para darlle a benvida, pero do mesmo xeito que lle recoñezo os motivos de alegría, debera recoñecerme, aínda que sexa con amargura, que nin ten a chave do goberno deste país, como pretendía, nin podemos asumir que a súa sexa a voz cualificada de Ourense nesta Cámara, entre outras razóns, porque estaríamos faltando ao respecto á unha gran maioría de ourensáns que co seu voto decidiron que por 1 representante de Democracia Ourensán houbera 8 representantes do PP de Ourense no hemiciclo. 1 fronte a 8, Señoría

Polo tanto eu agardo que poidamos dialogar para seguir mellorando os servizos que reciben os ourensáns, desde o respecto mutuo as nosas respectivas representacións, antepoñendo o sentido común ao localismo irracional, e sen perder a perspectiva de que os 75 deputados elixidos nos debemos por igual ao conxunto dos galegos

PSdeG

Creo que non incorro en ningún exceso se cualifico de “infortunio” o resultado do PSdeG. Penso, que mais que ninguén, necesita facer unha reflexión profunda sobre os prantexamentos que os levaron a actual situación, e sobre a folla de ruta que debe trazar para volver a ser unha forza política relevante e un instrumento útil para os galegos.

A vantaxe que esconde o seu infortunio, e que teñen unha oportunidade en forma de congreso, aínda que sexa de congreso á búlgara, na que facer esa reflexión e tomar as decisións adecuadas.

En todo caso, parece evidente que nin os exercicios de sucursalismo, nin o seguidismo das estratexias nacionalistas sexan receitas axeitadas para acadar o favor dos galegos.

Alomenos parece evidente para todos os que non somos socialistas, porque os últimos posicionamentos do seu grupo parlamentario, Sr. Besteiro, afondan nunha estratexia case suicida, na que o obxectivo principal non é sumar apoios para as súas teses, senón fortalecer a calquera que teña unha mínima posibilidade de desaloxar ao Partido Popular do goberno, de calquera goberno...

A súa estratexia de transfusión de votos ao BNG, chegou ao punto de poñer o CIS do Sr. Tezanos ao servizo dos intereses da Sra. Pontón alentando unha posibilidade de cambio totalmente irreal...

É tal a súa desesperación que están dispostos a dar ata a última gota de sangue para prexudicar as posibilidades electorais do PPdG.

As consecuencias son evidentes: a hemorraxia causou unha alarmante anemia no donante, e o receptor, nin conseguiu o obxectivo, nin lle reconece o esforzo polo voto prestado

Afirmaba W. Churchill que un apaciguador é alguén que alimenta ao crocodilo, agardando que se coma a outro antes que a el. Sr. Besteiro, non sei cantas amputacións deben sufrir os socialistas antes de entender que o independentismo, ademais de insaciable non fai distincións na súa dieta.

Agardo que reflexionen, e que a partir da súa reflexión sexamos quen de alcanzar acordos en beneficio dos galegos

BNG

Pero cando falamos das amarguras que dormen en cada alegría, ningún exemplo mellor que o da Sra. Pontón e o BNG...

O crecemento da súa representación parlamentaria resulta tan evidente, como o estrepitoso fracaso das súas expectativas electorais, porque, Señorías, o nacionalismo galego leva meses inflando un globo, que o 18 de febreiro estalou nas súas narices... ou si prefiren a retórica nacionalista, a burbulla do Be-ene-ga, bum!!

Agocharon o programa, agocharon o soberanismo, agocharon o radicalismo e o fiaron todo ao Agora. Agora BNG! Agora Pontón! Agora presidenta! Agora...ou nunca

Vostede o sabía Sra. Pontón, e esa ansiedade a levou a incorrer, no pecado que nunca perdoan os galegos: a soberbia!!

Soberbia que lle levou a menosprezar a un candidato ao que vostede durante meses faltou ao respecto, negoulle lexitimidade e incluso cuestionou a súa honorabilidade persoal.

Soberbia, cando arrógase a representación da maioría social de Galicia, ignorando que os galegos negáronlle esa representación nas 3 ocasións nas que foi candidata. Esa é a realidade do marcador, Señoría:

Pontón, 3· eleccións, 3 derrotas.

Rueda 1ª eleccións , 1ª vitoria

Soberbia, impostando nesta Cámara, ata en 3 ocasións, unha investidura que non lle corresponde, porque vostede, Sra. Pontón, nin conta co respaldo desta Cámara nin conta co respaldo dos galegos

Soberbia, auto proclamándose Presidenta (**FOTO**) en plena praza do Obradoiro, usando de traseira unha catedral na que se negan a entrar, e ignorando que só os galegos teñen a potestade de outorgar esa honra.

Señoría, vostede mellor que ninguén sabe que este era o seu último tren, e unha vez mais, os galegos decidiron deixala no andén da oposición. Sra Pontón, fin de traxecto!!

PPdG

E por suposto, nin podo, nin quero esquecerme das alegrías do meu partido. Porque resulta evidente, que ninguén tivo maior motivo de alegría o 18 de febreiro, que esta organización, esta candidatura, e por suposto, este candidato.

Fronte os negros e como case sempre errados augurios da oposición, a realidade é realmente satisfactoria:

Nas eleccións autonómicas con maior participación da historia, 84.000 votos mais, 40 escanos, e 5ª maioría absoluta consecutiva.

Por certo, sendo ademais a forza con maior apoio entre as mulleres e os mozos. Para desmontar definitivamente algúns tópicos...

O certo é que con estes resultados, non é sinxelo atopar motivos que empanen a nosa alegría, pero somos conscientes de que non hai rosas sen espiñas...

Así que, cal será a nosa amargura, Presidente ??

Pois que da igual o difícil que sexa o obxectivo, e da igual o exitoso que sexa o resultado. Tras cada nova vitoria seguimos condenados sen remedio a escoitar a mesma letanía dunha oposición absolutamente impermeable aos mensaxes da sociedade galega.

Esta é a nosa pequena cruz, pero penso que é levadeira, señorías. Como di o saber popular, perdoamos o mal que nos fai, polo ben que nos sabe ...

12.- A investidura (23:00)

Señorías, superado o 18 de febreiro, e as súas consecuencias mais evidentes, chegou o momento de ocuparnos do realmente importante: o futuro dos galegos !!

O pasado martes tivemos ocasión de escoitar a exposición do candidato desta investidura. Unha intervención na que o futuro Presidente debullou os obxectivos de goberno dos próximos 4 anos, detallou cales son os primeiros pasos e medidas que pretende implementar, e na que tamén nos adiantou o modelo de goberno que pretende, tanto no que fai referencia a súa estrutura, como no que se refire ao talante que pretende insuflar ao seu executivo.

Estou seguro de que os prantexamentos do candidato Rueda, absolutamente respaldados e compartidos polos 40 deputados do Partido Popular de Galicia, non espertan o mesmo entusiasmo entre as bancadas da oposición, como resulta absolutamente lóxico e lexítimo.

Porén, creo que todos vostedes recoñeceran que son absolutamente coherentes coa traxectoria do candidato, e co programa de país co que concorreu ás pasadas eleccións.

E da conciliación, ou non, desas dúas obviedades dependerá o clima co que afrontemos esta incipiente lexislatura.

Señorías, non aspiramos a que vostedes renunciem aos seus ideais, nin aos seus prantexamentos políticos. Todo o contrario. Asumimos a discrepancia como un elemento consubstancial a todo sistema democrático, e como unha consecuencia natural da pluralidade política.

Porén, para o correcto funcionamento das institucións, e nomeadamente desta Cámara, resulta imprescindible que todos fagamos un esforzo por non confundir coherencia con intransixencia, e por entender que a firmeza dos principios debe ser compatible coa necesaria flexibilidade para alcanzar acordos.

Willy Brandt, referente indiscutible da socialdemocracia europea, sinalaba ao xurar o seu cargo que os representantes públicos “non somos escollidos por deuses, senón elixidos por cidadáns, e polo tanto, temos a obriga de buscar o dialogo con todos aqueles que poñen esforzo en construír a democracia”

Penso que este afortunado recordatorio, establece unha obriga obvia, a de traballar denodadamente polo acordo como elemento vertebrador da democracia.

Pero teño o convencemento de que tamén encerra unha segunda lectura, acaso menos evidente, pero igualmente certa, sobre cales deben ser as bases e os límites dese dialogo, que sen dúbida, están determinados polo mandato dos cidadáns, polo resultado das urnas.

O candidato Alfonso Rueda concorreu ás eleccións cun programa claro, concreto e detallado, que se esforzou en trasladar aos cidadáns durante toda a campaña electoral. Un programa que foi presentado aos galegos como o contrato do candidato con Galicia. E foi este programa (**PROGRAMA**), foi este contrato, o que se fixo acredor ao apoio maioritario dos galegos nas urnas .

Polo tanto, ese é o proxecto que debe servir de marco para o dialogo, e de base para o acordo. Dende hoxe tendemos a man para estudar con atención cada achega que se nos faga co afán de mellorar, de enriquecer e de perfeccionar estes 870 compromisos que adquirimos cos cidadáns.

Pero pedirnos, como acaban de facer, que renunciemos aos obxectivos, aos compromisos e as medidas que este contrato contén, e tanto como pedirnos que traizoemos a confianza dos galegos, e iso, simplemente, non vai a suceder.

Imos ser escrupulosamente fieis ao compromiso que adquirimos con Galicia, sen que iso implique renunciar a incorporar novas sensibilidades que permitan que mais galegos se sintan representados nese proxecto que desexamos común.

Ese, exactamente ese, foi o compromiso que Alfonso Rueda renovou, unha vez mais, no seu discurso do pasado martes: relegar o seu papel de candidato da maioría para volver a ser o Presidente de todos os galegos.

Un Presidente que estableceu con claridade cales van ser os eixos fundamentais da súa acción de goberno:

- 1.- A defensa dos intereses de Galicia
- 2.- O progreso económico do país
- 3.- A mellora dos servizos públicos

Sen dúbida 3 ámbitos nos que sería desexable alcanzar certos consensos básicos, aínda que a actitude da oposición neste arranque de lexislatura non nos permita ser demasiado optimistas.

A mixtura de mal perder e incoherencia que levan amosando nestas semanas, non so dificulta que atopemos novos puntos de encontro, senón que ademais conlevou a ruptura de algúns consensos que tiñamos alcanzado na pasada lexislatura.

Unha cousa é que o Presidente teña renunciado aos 100 días de cortesía parlamentaria, que con toda probabilidade non se lle ían conceder, e outra moi distinta é a salvaxe crítica que está a recibir antes incluso de tomar posesión.

Señorías, eu podo entender a frustración que experimentaron despois de todas as ilusións que se fixeron, pero deberían recordar certas leccións que todos aprendemos na nosa infancia.

Por se non fose así, permítanme facerlles un regalo que penso lle será moi útil. Un precioso relato infantil titulado “O conto da leiteira”
(CONTO)

Fala dunha leiteira que soñaba facer fortuna coa venta dun cántaro de leite. Co que gañe mercarei unha galiña, pensaba ela, a galiña darame ovos, os ovos darán novas ganancias e así irei facendo unha fortuna.. pero ensimesmada nos seus soños, tropezou, e derramou o leite!

E como toda fábula, remataba cunha moralexa que nesta versión ben podería ser: tanto soñaron con que nos ían pontonizar, que non viron o pontonazo que podían levar !!

Señorías, xa fai semanas que tropezaron coa realidade. Deixen de chorar polo leite derramado, e céntrense en facer algo útil para os galegos.

3.- A arte de pactar (17:15)

Señorías, o pasado martes escoitamos ao candidato facer unha declaración de intencións contundente e nítida: “ Porei todo da miña parte para que a vida pública galega siga sendo exemplo de cordialidade [...] Iso foi o que votaron as galegas e os galegos nestas eleccións autonómicas: facer Galicia ao xeito de Galicia”

Sr. Rueda, non temos motivos para dubidar dese compromiso. Creo sinceramente que a súa oferta de dialogo está avalada pola súa traxectoria política.

E tampouco teño dúbidas sobre que a vontade dos galegos para fuxir dos extremismos e da intransixencia. Levan 5 consultas electorais consecutivas apostando maioritariamente por unha formación política que fixo da moderación a súa bandeira política.

Pero a pesar destas certezas, non podemos ser optimistas respecto do clima político no que se vai desenvolver esta lexislatura. Créame si lle digo que esta desconfianza non nace do prexuízo. Nin sequera da experiencia acumulada nos últimos anos...

E unha sensación baseada nos acontecementos e actitudes que observamos nas escasas semanas que pasaron desde a xornada electoral.

Porque neste breve espazo de tempo, ocasións para o dialogo non faltaron, pero a vontade de acordo brillou pola súa ausencia.

En cada un dos 3 eixos de Goberno aos que o Candidato Rueda aludiu non seu discurso, xurdiron situacións que aconsellaban unir forzas mais aló das siglas.

Defensa dos intereses de Galicia

Na defensa dos intereses de Galicia, ante o anuncio do Goberno do Estado renunciando a presentar orzamentos, e causando un grave prexuízo a administración local, ao conxunto das CCAA's, e nomeadamente a Galicia!!

Porque esa renuncia provocada pola debilidade do goberno Sánchez, a pola súa dependencia do independentismo, causa unha importante merma nos recursos económicos que nos corresponden.

E que fixo a oposición? Poñerse do lado do goberno para reclamar o que nos pertence? Pois claro que non!

A Sra. Pontón dedicou os seus esforzos a convencernos de que non pasa nada, e que os compromisos que o Sr. Sánchez non cumpriu durante 4 anos, con orzamento en vigor, se van a cumprir este ano sen orzamento.

E como si non bastara esta tomadura de pelo, o Sr. Besteiro subiu a aposta pedíndonos apoio para un orzamento que non existe. Brillante!!

E namentres calan sobre o posible déficit de 725 Millóns de euros nas arcas galegas, causado pola irresponsabilidade do Sr. Sánchez, esixen ao Goberno Rueda mais orzamento para blindar os servizos públicos.

Señoría, deixe de comportarse como unha sucursal de Ferraz, e tal vez podamos empezar a tomar as súas propostas en serio !!

Progreso económico do país

No ámbito da economía, a situación é aínda mais descorazonadora.

O futuro presidente lles ofreceu un pacto en materia de política industrial, pero vostedes non so fan oídos xordos, senón que racharon o pacto que alcanzáramos na lexislatura anterior.

“Somos os primeiros en aledarnos de calquera proxecto que cumpra toda a lexislación e de que se instale na Mariña ou en calquera parte do país, e que traia esa expectación de tantos postos de traballos directos “

Non son palabras de ningún representante do PP, Sra. Pontón, son as verbas literais do representante do BNG que interveu nesta cámara o día que aprobamos por unanimidade apoiar e solicitar fondos Next Generation para o proxecto de Altri.

Señoría, as premisas seguen sendo exactamente as mesmas.

Estrito cumprimento da lexislación e totais garantías medioambientais como esixencia previa ao desenvolvemento do proxecto.

¿Porqué o que fai un ano era óptimo, hoxe nin sequera merece ser estudiado?

Haberá quen pense que ese cambio de actitude está motivado polo remate das eleccións...

Incluso, algún malpensado podería pensar que ten que ver coa imposibilidade de que a Sra. Pontón poda alcanzar o goberno que tanto ansiaba...

Para ser sincero, eu penso que este cambio de opinión, que diría o clásico, ten moito mais que ver coa finalización do entroido. A sra. Pontón quitou a máscara da moderación, e volveu a vestirse co uniforme favorito do BNG. O traxe do NON !!

Si, señorías, volta o BNG de sempre, o das esencias, o que recibiu un tirón de orellas da vella garda da UPG, que gusta dos resultados, pero non de como se conseguiron, e por iso lle dixeron algo que seguro que lle soa familiar: Votos si, pero non así !!

Volta o BNG que gritaba en San Cibrao, Alcoa non se abre, para anos despois berrar en San Cibrao, Alcoa non se pecha

O BNG que boicoteaba a construción da AP-9, a navallada a Galicia, e que anos despois esixe unha Ap-9 galega e gratuíta

O BNG que tenta paralizar calquera iniciativa eólica, pero que esixe que se manteña todo o emprego eólico

Non é unha caricatura, señorías, é o retrato fiel da súa historia.

Ninguén describiu mellor a política industrial do BNG que Don Antonio Machado:

“Ni contigo ni sin ti,
tienen mis males remedio;
contigo porque me matas,
y sin ti porque me muero”

E que todo lle cae mal, Sra. Pontón. Leva vostede 20 anos exercendo como a Van Gaal da política galega. Sempre negativo! Nunca positivo!

Esixen información, pero boicotean as reunións que convoca a empresa. Queren datos, pero os seus alcaldes néganse a visitar as instalacións de Altri en Portugal cando son invitados a coñecelas

A Xunta está a realizar unha avaliación dun proxecto industrial dunha enorme complexidade. Un expediente que vai precisar meses de tramitación, o traballo dun número inxente de profesionais independentes e de varias dúcias de informes técnicos, e o BNG, cando aínda non se emitiu nin un só deses informes, xa foi capaz de concluír que estamos ante unha bomba ambiental que vai converter o Ulla no Amazonas, e o corazón mesmo de Galicia nun ecosistema tropical.. Pero que broma é esta !!!

Resulta vergoñento que, despois do ridículo que fixeron coa alarmante marea branca de pellets, da que non volveron a falar despois das eleccións, veñan agora a repetir a estratexia cun proxecto que pode revitalizar unha comarca, e estender o seu impacto positivo a toda a provincia e a conxunto de Galicia. Rigor, señorías, rigor!!

Pero tampouco quero esquecerme da 3ª pata do consenso parlamentario sobre a importancia de Altri, o PSdG. Un partido socialista que non só apostaba con entusiasmo pola implantación deste proxecto en Lugo, senón que aseguraban ser os garantes da súa financiación con fondos europeos...

Aquel entusiasmo de onte transformouse agora nunha calculada e irresponsable ambigüidade, e creo que chegou o momento de que o líder “in pectore” do socialismo galego nos aclare cal vai ser o seu posicionamento.

Sr. Besteiro, o interpelo a vostede directamente.

Está vostede co Ministro Hereu, que asegura a financiación comprometida para o proxecto de Altri en Palas de Rei, se supera a correspondente avaliación técnica e ambiental?

Ou vaise sumar a esa novidosa proposta do Sr. Tomé, esixindo para Lugo un plan industrial sen industrias? Eu píddolle explicitamente que aclare hoxe neste pleno, cal é a postura do seu partido. Galicia merece certezas, e xa rematou o tempo de soplar e sorber ao mesmo tempo

Pola nosa banda seremos clarísimos: máxima confianza no traballos dos técnicos, máximas esixencias ambientais e legais, e aposta decidida por crear emprego industrial de calidade na provincia de Lugo, e en toda Galicia

Nos si temos unha proposta clara en materia de desenvolvemento industrial, fronte a súa ridícula alternativa:

Queren enerxía eólica pero sen muíños, do mesmo xeito que apoian a eólica mariña sempre que estea fora do mar.

A enerxía solar, parécelles fantástica sempre que non implique instalar placas, e por suposta apoiarían a hidroeléctrica senón fose polo engorro dos embalses

E despois desta traxectoria de disparates, chegamos ao momento actual, no que apostan pola fabricación de fibra téxtil vexetal, pero sen producir materia prima. Que será o seguinte señorías?

Non se pode prometer en campaña un incremento sen precedentes da produción industrial galega, e despois vetar calquera iniciativa de investimento neste país. Basta xa de demagogia, Sra. Pontón e deixen de boicotear a Galicia

Mellora dos servizos públicos

Pero si en materia industrial o acordo parece imposible, non temos mellores perspectivas no ámbito dos servizos públicos.

Recentemente, o Presidente Rueda, anunciou a posta en marcha inmediata de dúas residencias públicas de maiores, financiadas pola Fundación Amancio Ortega.

A resposta da oposición foi criticar o modelo de xestión desas residencias, a pesar de que é o mesmo polo que apostaron ala onde teñen a responsabilidade de xestionalas.

O 100 % das residencias da Deputación de Lugo, gobernada por PSOE e BNG, foron licitadas en concurso público e adxudicada a súa xestión a empresas ou fundacións. Non a xestión dos servizos accesorios señorías, senón o coidado dos maiores residentes

Incluso o Sr. Besteiro prometeu durante a campaña que ese sería o modelo autonómico se tivera posibilidade de gobernar.

Pois para socialistas e nacionalistas, o que na Deputación lucense e digno de aplauso, na Xunta de Galicia merece criticas ao berro de privatización.

Señorías, a inicio da súa intervención, o candidato Rueda ofreceu unha serie de datos que acreditan, mais alá de calquera dúbida, o avance incuestionable que Galicia experimentou gracias ao sistema autonómico consagrado na Constitución, e recollido no noso Estatuto

Un crecemento económico, social e cultural sen precedentes na nosa historia. Un crecemento que debemos celebrar como un logro colectivo, pero que non podemos entender sen o impulso dun partido que gobernou 34 dos case 42 anos de autogoberno.

Hoxe Galicia desfruta de servizos públicos homologables aos de calquera país europeo. Como homologables son as dificultades que tamén sufrimos.

Hoxe Galicia desfruta dunha sanidade excelente, dun servizos sociais de primeira, dunha educación que vive o seu mellor momento desde que temos rexistros.

Ese é a Galicia real que fomos construíndo os galegos namentres vostedes dedicaban o seu tempo a facer un retrato negro do noso país. Un retrato negro que volveron a reiterar hoxe, e no que a inmensa maioría dos galegos, non nos sentimos representados.

Eu pídolles un exercicio de reflexión. Non pode ser que o partido que liderou ese cambio, estea permanente equivocado, do mesmo xeito que non é posible que quen leva 17 anos na oposición represente o sentir maioritario dos galegos. Non pode ser!!

4.- Illa de estabilidade (7:00)

Señorías, durante a campaña electoral insistimos moito na necesidade de preservar Galicia como illa de estabilidade. Un espazo social e político alonxado do conflito e da crispación que se está alimentando noutros territorios

E por iso debo lamentar os intentos que se produciron nas últimas semanas por importar esa conflictividade, colaborando coa estratexia do ventilador que puxo en marcha o Goberno do Sr. Sánchez

Unha crítica disparatada que comezou apenas finalizado o recuento nas urnas...

Abriu fogo a Sra. Pontón ameazándonos nada mais e nada menos que con acudir aos tribunais, porque non lle gustou a nosa campaña, aínda que eu creo que o que non lle gustou foi o resultado

Debo dicirlle señoría que demostrou ser vostede unha pésima xogadora de escondite. Agochou canto poido o seu programa electoral, agocha aos galegos os seus socios de candidatura europea, excluindo os seus logos e nomes da papeleta, e non contenta con isto, enfádase porque nos sacamos á luz, o que vostede quere ocultar a moitos galegos...

Moito se enfadou cando o Sr. Rueda, durante o debate, recordoulle a súa aposta pola monolingüismo no ensino, pero é que está no seu programa.

Moléstalle moito que falemos da súa aposta pola autodeterminación, pero son vostedes os que a incluiron no seu programa.

Do mesmo xeito que incluiron un concerto económico ruinoso para Galicia, a expulsión do noso territorio de Policía Nacional e Garda Civil, ou a exclusión de Galicia do ámbito decisorio do Tribunal Constitucional.

Incluirono no programa, pero excluirono da campaña, porque entorpecía a imaxe de falsa moderación que pretendían trasladar aos galegos.

Sra. Pontón, vostedes, que levan anos actuando como a Laicísima inquisición, acusando ao Partido Popular de ser cómplice dunha delirante conspiración contra os intereses de Galicia e dos galegos, vostedes que cualificaron de panda de psicópatas ao lexítimo goberno de Galicia, veñen agora a facerse os ofendidos simplemente porque contamos aos galegos unha realidade obxectiva: o seu programa e as súas alianzas

Así que Señoría, se quere amosar unha mínima coherencia ten vostede dúas opcións: ou modera o seu talante, ou terá que aplicarse aquilo que nos recordaba o Sr. Aymerich, o día da súa despedida nesta casa...

“Para ter a lingua aguda, hai que ter a costela dura” e vostede, gusta moito de afiar a lingua pero é propietaria dunha mandíbula de cristal...

Por certo, aínda non recibimos ningunha citación do xulgado. Non sei se porque xa lle pasou a rabieta, ou porque lle leva mais tempo redactar unha denuncia que completar o estudo medioambiental de Altri...

Seguindo coas rabietas, non é menos lamentable o intento de ensuciar o bo facer do goberno galego durante a pandemia, solicitando explicacións sobre uns procedementos de adxudicación que xa foron avaliados

Porque compre recordar que a Auditoría que algúns reivindicán xa foi solicitada por este Parlamento ao Consello de contas, atendendo a unha proposta do BNG, que foi apoiada polo meu grupo.

O consello de Contas informou. Os resultados son públicos e determinan que máis alá de aspectos puramente formais, penso que comprensibles nunha situación de pandemia sanitaria mundial, o proceder da Xunta foi impecable.

Pretender espallar sospeitas sobre o que xa foi avaliado, para desviar a atención daqueles que si están sendo obxecto de investigación xudicial é simplemente lamentable.

En Galicia non atoparan nin Delcys, nin Koldos, pero se queren satisfacer as súas ansias investigadoras poden centrarse en algún concello no que gobernan, que traballo non lles vai faltar !!

PECHE (3:40)

Señorías, penso que ese non é camiño.

Creo sinceramente que os galegos poden aspirar a algo mellor, e dende logo, estou convencido de que os galegos merecen algo mellor.

Creo que merecemos un debate político que se centre en atender as necesidades reais dos cidadáns, e non que perdamos o tempo en cuestións que fora destes muros non espertan o mais mínimo interese

Creo que merecemos un debate político centrado na mellora realista da nosa sanidade, na mellora da atención aos maiores e dependentes, na procura da excelencia na educación dos nosos fillos.

Creo que merecemos un debate sereno sobre como debemos desenvolver o enorme potencial que temos como país, e sobre cal vai ser o futuro dese proxecto común chamado Galicia.

Somos conscientes de que esa maioría de galegos que nos deron a súa confianza, non o fixeron porque pensen que vivimos nunha Galicia ideal, senón porque identifican o proxecto de Alfonso Rueda como o mellor instrumento para alcanzar esa Galicia que todos soñamos

Candidato Rueda, xa case Presidente Rueda, ten vostede unha ardua labor por diante, e seguro que non faltaran obstáculos e dificultades, pero sabemos que esa mochila, que habitualmente o acompaña, estea chea de ilusión, de gañas e de vocación de servicio

Fai poucas horas prometeu seguir sendo un humilde camiñante ao carón do noso pobo. Non podería vostede ter escollido mellor compañía. Ese pobo foi o que o elixiu Presidente, e hoxe con gran orgullo, os deputados e deputadas do Grupo Popular, imos votar obedecendo o mandato de Galicia.

Parabéns Presidente